

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 5 de outubro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Raquel Díaz Vázquez

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 14,05 horas do día cinco de outubro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local P.D., Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1247).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(1248).- PROGRAMA DE REFORZOS POLICÍA LOCAL 2012. EXPTE. 36255/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Formación e Avaliación de RR.HH e do técnico de Organización e Planificación de RR.HH., do 6.09.2012, conformado pola xefa de Recursos Humanos, e co informe do técnico dos Servizos Económicos, do 28.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.-Aproba-lo Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais para o persoal do Servizo da Policía local de Vigo que a continuación se transcribe:

ACORDO MARCO PARA A AMPLIACION DAS XORNADAS LABORAIS PARA O SERVICIO DE POLICIA LOCAL.

PRIMEIRA.- Obxecto, ámbito de aplicación e período de vixencia.

O presente acordo ten por obxecto o establecemento do marco de referencia que determine o desenvolvemento da ampliación da xornada anual de traballo nun máximo de 11 xornadas globais a todo o persoal de cadro da Policía Local, respecto as legalmente previstas e segundo as necesidades do servizo, cunha duración cada una delas de oito (8) horas, dentro dos programas de dispoñibilidade.

A realización das xornadas adicionais ten carácter voluntario. Unha vez adscritos ó programa, os/as interesados/as veñen obrigados/as ao seu exacto cumprimento nos termos previstos no presente acordo.

Para o seu cumprimento, modificarase o vixente sistema de descansos de cadencia 6-4, 6-4, 6-4, por outro sistema novo coa cadencia 6-4, 6-4, 7-3, debendo quedar reflexado nos cuadrantes mensuais esa nova distribución das xornadas habituais de traballo.

Crearase unha bolsa de días extraordinarios de “libre disposición” de Xefatura que se irá surtindo dos días non realizados polos funcionarios policiais.

A xefatura da Policía Local solicitará xustificadamente a autorización previa das xornadas de reforzo que sexa necesario realizar en base as previsións das necesidades do servizo e estas serán autorizadas previo informe da Intervención Xeral da existencia de crédito.

Dependendo da dispoñibilidade orzamentaria, este acordo poderá prorrogarse anualmente en tanto se manteñan as condicións que dan lugar ao mesmo, sendo susceptible de seren modificados aspectos puntuais, previo acordo acadado na Comisión de Seguimento.

SEGUNDA.- Retribucións.

O importe de cada xornada será, segundo as categorías profesionais, o seguinte:

1º.- Policía: 208,65 €

2º.- Oficial: 222,19 €

3º.- Inspector : 249.75€

4.- Inspector Principal: 256.77€

5.- Intendente: 281.00€

As xornadas traballadas a máis por aplicación do presente acordo serán retribuídas en concepto de produtividade, tra-la remisión por parte da Xefatura da Policía Local dos listados correspondentes ao Servizo de Recursos Humanos nos termos recollidos nas vixentes Bases de execución do orzamento (base 32.2.5)

TERCEIRA.- Coste da ampliación das Xornadas de Traballo

O custo máximo anual dos programas de reforzo estará en función das posibilidades orzamentarias así como dos días efectivos de realización. As cantidades contidas no punto segundo actualizaranse, de se-lo caso, segundo o disposto nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado e demais disposicións legais de aplicación.

CUARTA.- Imposibilidade de continuar prestando a xornada de reforzo.

No caso de que durante a prestación dalgunha das xornadas extraordinarias, o/a funcionario/a sufra algunha continxencia no seu estado de saúde que lle impida a continuación da prestación

do servizo, deberá presentar xustificación oficial mediante o documento P-10, parte de ILT ou documento que o substitúa.

Neste casos, o/a interesado/a poderá recuperar o tempo restante ata a conclusión da xornada de reforzo no momento en que se lle indique pola Xefatura do Servizo, sen prexuízo do seu dereito a percibir a cantidade correspondente a parte da xornada efectivamente realizada.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, se a causa da incapacidade é por accidente de traballo ou enfermidade profesional, percibirase en todo caso o importe íntegro correspondente á mesma, sin necesidade de ter que recuperar a xornada non traballada.

QUINTA.- Límites

A asignación do día de reforzo reflexarase no cuadrante mensual, realizándose no turno de orixe do/a Axente, agás os días extraordinarios de “libre disposición” da Xefatura que poderán realizarse noutro turno, sin posibilidade de realizar cambios unha vez establecidas.

As xornadas de reforzo non poderán realizarse en ningún caso durante o período de vacacións do/a interesado/a.

As datas de realización das xornadas de reforzo asignadas pola Xefatura do Servizo terán que ser realizadas inexcusamente, sin posibilidade de realizar cambios unha vez establecidas..

A Comisión prevista na disposición novena reunirse de xeito trimestral, a efectos de realizar o seguimento do programa e comprobar a dotación de días acumulados na bolsa prevista na disposición primeira. O Xefe da Policía Local aportará á reunión un informe-proposta sobre a aplicación do programa de reforzos nos meses vacacionais de xuño, xullo, agosto e setembro, en función da dotación da bolsa e as partes comprometéase a flexibilizar canto sexa necesario o programa para garantir o cumprimento dos servizos mínimos fixados pola Xefatura para o persoal da Policía Local, entendendo dita flexibilización como a capacidade da Xefatura para alterar, dentro do mesmo mes, a asignación do día de reforzo co fin de adaptalo as carencias do Servizo ou para atender aqueles eventos que requiran maior presenza policial, estando obrigada a Xefatura da Policía a comunicallo aos afectados cunha antelación mínima de 10 días, salvo acordo entre as partes.

SEXTA.- Exceso na duración das xornadas extraordinarias e outras circunstancias.

No caso excepcional de que a xornada exceda das oito horas, a diferenza aboarase segundo os seguintes parámetros:

Policía: 26 €/h

Oficial: 27,75 €/h

Inspector : 30.30€

Inspector Principal: 32.40€

Intendente:: 35.10

SÉTIMA.- Exclusividade retributiva

As xornadas extraordinarias non devengarán concepto retributivo ningún distinto dos expresados no presente Acordo.

En todo caso, respetaranse as gratificacións previstas no art. 14 (descanso entre quendas) e art. 16 B, subapartado a) do vixente Acordo Regulador (24 e 31 de decembro).

No caso excepcional de que o persoal adscrito as quendas de mañá ou tarde se lle sexa asignado una xornada de disponibilidad na quenda de noite, devengará o recargo en concepto de nocturnidade debendo a Xefatura xustificar a necesidade de dito cambio.

OITAVA.- Permisos oficiais e xornadas de reforzo.

No caso de coincidir no día sinalado para a realización dunha xornada de reforzo, un permiso oficial do interesado/a segundo a normativa vixente, éste/a perderá o dereito á súa realización pasando ese día á bolsa de días de "libre disposición" da xefatura, prevista na cláusula primeira .

NOVENA.- Circunstancias de execución.

Corresponde exclusivamente a Xefatura do Servizo organizar a prestación das xornadas, en función das necesidades do servizo. de xeito que se asignará a cada funcionario/a policial un máximo de unha xornada de reforzo por mes, salvo consentimento expreso deste.

A asignación da xornada extraordinaria de "libre disposición" farase por orden alfabético sobre o listado de persoal da Policía Local procurando que o/a policía designado estea nese turno.

Estes días de "libre disposición" comunicaranse, cunha antelación mínima de dez (10) días, salvo circunstancias excepcionais ou de forza maior, por medio da Folla de Firmas de Asistencia o Servicio e exposición no tablón de cuadrantes da Xefatura.

Ditas xornadas extraordinarias de "libre disposición" realizaránse con carácter xeral en servizos na rúa no seu turno de traballo, e inexcusamente nas datas fixadas pola Xefatura en aplicación das cláusulas do presente acordo, salvo causa de forza maior.

As xornadas de reforzo, unha vez establecidas pola Xefatura do Servizo, terán que realizarse inexcusamente, sin posibilidade de cambio algun.

A ausencia ó servizo nun día de reforzo dará lugar á perda por parte do funcionario ó dereito á realización do mesmo, pasando ese día á bolsa de días extraordinarios de "libre disposición" da Xefatura, sendo posible a súa eliminación do programa de reforzos, dando lugar as responsabilidades disciplinarias que procedan, previo acordo da Comisión de seguimento.

DÉCIMA.- Participación do Persoal.

Co fin de garantir o correcto cumprimento por ambas as dúas partes das cláusulas do presente acordo e as súas vicisitudes, constitúese unha Comisión integrada polo Presidente do Comité de Persoal e un representante de cada sindicato no Comité de Empresa; o concelleiro-delegado de Seguridade, Mobilidade e Transportes, o concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, o Xefe do Corpo e un funcionario/a, técnico/a de administración xeral, que fará as veces de secretario/a. En cada reunión levantarase acta co contido dos asuntos tratados e, no seu caso, dos acordos acadados, dando traslado dos mesmos ao Servizo de Recursos Humanos.

2.- A realización das xornadas de dispoñibilidade serán autorizadas polo Concelleiro-delegado de Xestión Municipal e de Mobilidade, Seguridade e Transpostes, previo informe da existencia de crédito para o gasto proposto na partida orzamentaria 922.0150.00.00-PRODUCTIVIDADE

3(1249).- GRATIFICACIÓN POR DISPOÑIBILIDADE HORARIA DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL, MES DE MARZO 2012. EXPTE. 36574/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do Superintendente xefe da Policía Local, do 4.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Propor á Xunta de Goberno Local, a través do Servizo de Recursos Humanos, a concesión dunha produtividade ao persoal que ten realizado os reforzos durante o mes de marzo de 2012, segundo consta nos Anexos que se achegan.

4(1250).- AUTORIZAR A S.C.D.R. HELIOS DE BEMBRIVE A ORGANIZAR A VII CARREIRA DA AMIZADE, QUE SE REALIZARÁ O 12.10.2012. EXPTE. 11502/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 2.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar a S.C.D.R. Helios de Bembrive, a organizar o vindeiro 12 de outubro de 2012, a “XXVIII CARREIRA DA AMIZADE”, con saída ás 10.30 horas dende o barrio de Mosteiro e percorrendo, Mouelle, San Cibrán, Chans, Xestoso, Viña Grande, Montecalvario e regreso a Mosteiro, arredor das 13.30 horas”

5(1251).- AUTORIZAR A DELEGACIÓN DE LA FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO, A ORGANIZAR O VINDEIRO 14 DE OUTUBRO DE 2012, A VII CARREIRA POPULAR VIGO + 11-TROFEO EL CORTE INGLES”. EXPTE. 11512/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 3.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar a Delegación de la Federación Gallega de Atletismo, a organizar o vindeiro 14 de outubro de 2012, a “**VII CARREIRA POPULAR VIGO + 11-TROFEO EL CORTE INGLÉS**”. A carreira comezará ás 10.30 horas con saída e chegada na rúa Concepción Arenal, cos seguintes percorridos e horarios:

-CIRCUÍTO 1 (infantís e cadetes 2 voltas; benxamíns e alevíns 1 volta): Concepción Arenal, Alameda, García Olloqui, Montero Ríos, Castelar, Luís Taboada, Pablo Morillo, Montero Rios, Concepción Arenal (meta). Comezo ás 10.30 horas precisando acotamento do circuítro de 1 quilómetro ás 10 horas.

-CIRCUÍTO VIGO + 11: Concepción Arenal, Alameda, García Olloqui, Montero Ríos, Carral, Marqués de Valladares, Colón, Areal, Isaac Peral, García Barbón, Colón, Alameda, García Olloqui, Montero Ríos, Cánovas del Castillo, Beiramar, As Ánimas, Tomás A. Alonso, Coruña, Travesas -centro comercial-, parte dereita Camelias, Álvaro Cunqueiro, Camelias, Venezuela, Gran Vía, Urzáiz, Colón, Concepción Arenal -meta-. Esta comezaría ás 11.11 horas.”

6(1252).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS. EXPTE. 13263/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 4.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento para a contratación do servizo de educación de persoas adultas (13263-332) no seguinte orde decrecente:

1. ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO

Segundo.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.-Requerir ó citado licitador o aboamento de 658,80 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Cuarto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

7(1253).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓN E MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN. EXPTE. 66909/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 4.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento para a contratación da subministración de formigón, áridos e materiais de construción (expediente nº 66909-250)no seguinte orde decrecente:

1. PABLO VAL, S.L.

Segundo.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar, PABLO VAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.-Requerir ó citado licitador o aboamento de 716 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Cuarto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

8(1254).- CERTIFICADO PARA A SÚA CUALIFICACIÓN COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO (ILE) ANTE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR Ó PROXECTO EMPRESARIAL DENOMINADO ANUBIA SOLUCIONES EN LA NUBE S.L. EXPTE. 9131/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 4.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “ [ANUBÍA SOLUCIONES EN LA NUBE, S.L.](#)” sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:
 - Apoio pola Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
 - Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.

- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.

- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobáronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

9(1255).- APROBAR O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2013, QUE CONTÉN OS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS. EXPTE. 4676/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica do servizo de Festas, do 27.09.12, conformado polo xefe do servizo de Xestión Promocional e Cultural e pola concelleira delegada da área, co informe da técnica de Admón. Xeral e da Titular da Asesoría Xurídica, do 26.09.2012, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro, do 5.10.12, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de Reis 2013, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 19/09/2012 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos de data 25/09/2012.

2º.- Aprobar o gasto de 45.000,00 euros para a contratación do devandito servizo, que se imputarán á bolsa de vinculación da partida 3380.226.0901 do vixente presuposto de Festas.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a consulta con polo menos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.”

10(1256).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN IGUALARTE, DENTRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2012. EXPTE. 9100/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 12.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do Secretario da Admón. Municipal, do 27.09.2012, e co informe da técnica do servizo de Fiscalización, do 3.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a **Fundación IgualArte**, con CIF: **G36427524**.
- Autorizar o gasto de **9.549,26** €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

11(1257).- OPERACIÓN DE PRÉSTAMO PARA O FINANCIAMENTO DE OPERACIÓNS PREVISTAS NOS ORZAMENTOS DO ANO 2012. EXPTE. 102029/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda, do 4.10.12, e co informe do Interventor Xeral, do 2.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

- a) Aprobar as condicións e características ás que quedará suxeita a operación de crédito a concertar por un importe máximo de 9.700.000,00 euros, que figuran no Estado de Ingresos do Orzamento no concepto 913.00 para financiar parte do plan de investimentos que figuran no Orzamento Xeral aprobado polo Pleno de Corporación en sesión do 4 de xuño de 2012.
- b) Aprobar o modelo de contrato a formalizar pola entidade financeira que resulte adxudicataria da operación e que conformará o modelo de oferta para os licitadores.
- c) Someter o procedemento a publicidade, inserindo un anuncio no xornal de maior tirada da cidade e cos prazos de presentación de ofertas que figuran nas características da operación.
- d) Formar a Mesa de Contratación presidida pola Concelleira Delegada da Área de Economía e Facenda, e formarán parte da mesma, como Secretario da mesma a titular do Órgano de apoio a Xunta de Goberno Local, o Sr. Interventor Xeral Municipal, o Sr. Tesoreiro e algún outro membro desinado pola Sra. Presidenta da Mesa se fose o caso.

12(1258).- RECOÑECIMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE CRÉDITO EN EXECUCIÓN DOS ACORDOS PLENARIOS DE DATA 25.06.2012. EXPTE. 15/142 E 16/142:

A)RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE CATERING DON PEPE S.L. EXPTE. 8827/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Relacións Públicas, do 2.08.2012, conformado pola concelleira delegada de Facenda, e co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica, do 27.08.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 4.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Declarar a nulidade da prestación realizada consistente no servizo de catering co gallo da celebración do DÍA DAS LETRAS GALEGAS, que tivo lugar en maio de 2011, recollida na fra nº 11C/40, emitida por Catering Don Pepe, S.L, co CIF B-27710714.
- 2.- Aprobación da indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Catering Don Pepe, S.L., por un importe de 25.405,40 € segundo o estipulado nos parágrafos precedentes da proposta.
- 3.- Recoñecer a obriga a favor de Catering Don Pepe, S.L., co CIF B-27710714, por importe de 25.405,40 €, consonte coa factura 11C/40 de data 16/05/2011, por importe de 25.405,40 €, con cargo á partida 9120.226.01.01 "Rec. Ext. Créd. Gtos Protocolo Tenencia Alcaldía", do vixente orzamento, pola realización do servizo de catering no parque de Castrelos co gallo da celebración do DÍA DAS LETRAS GALEGAS, en maio de 2011.

B)RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE INDETEC VIGO INVESTIGACIÓN 2000 S.L. EXPTE. 8828/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Relacións Públicas, do 2.08.2012, conformado pola concelleira delegada de Facenda, e co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica, do 27.08.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 4.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Declarar a nulidade da prestación realizada consistente nos servizos de investigación para a prevención e achegamento de dilixencias de probas a cargo da Administración en relación os actos de inxurias e calumnias que se levaron a cabo contra o Tenente de Alcalde do Concello de Vigo, D. Santiago Domínguez Olveira, recollidos na fra nº 1001/11, emitida por Indetec Vigo Investigación 2000, S.L., co CIF B-36946465
- 2.- Aprobación da indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Indetec Vigo Investigación 2000, S.L., co CIF B-36946465, por un importe de 27.000,00 € segundo o estipulado nos parágrafos precedentes da proposta.
- 3.- Recoñecer a obriga a favor de Indetec Vigo Investigación 2000, S.L., co CIF B-36946465, por importe de 27.000,00 €, consonte coa factura 1001/11 de data 01/10/11, con cargo á partida 9120.227.99.08 "Rec. Ext. Cred. INDETEC TRB. INVESTIGACIÓN", do vixente orzamento, pola realización do servizos de

investigación para a prevención e achegamento de dilixencias de probas a cargo da Administración.

C)RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE VIAJES SANT YAGO, S.A. EXPTE. 8849/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Relacións Públicas, do 2.08.2012, conformado pola concelleira delegada de Facenda, e co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica, do 28.08.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 4.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Declarar a nulidade da prestación realizada consistente no servizo de transporte e hospedaxe en réxime de pensión completa prestado ao F.P.R. El Olivo no seu desprazamento a Girona en datas 14-15 de maio de 2011, para a disputa da fase de ascenso á División de Honra do fútbol feminino, recollida na fra nº 001G111437, emitida por Viajes Sant Yago, S.A, co CIF A-15107535.
- 2.- Aprobación da indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Viajes Sant Yago, S.A, por un importe de 8.115 € segundo o estipulado nos parágrafos precedentes da proposta.
- 3.- Recoñecer a obriga a favor de Viajes Sant Yago, S.A., co CIF A-15107535, por importe de 8.115 €, consonte coa factura 001G111437 de data 08/06/2011, por importe de 8.115 €, con cargo á partida 9120.226.01.01 "Rec. Ext. Créd. Gtos Protocolo Tenencia Alcaldía", do vixente orzamento, pola realización do servizo de transporte e hospedaxe en réxime de pensión completa do F.P.R. El Olivo no desprazamento a Girona para a disputa da fase de ascenso á División de Honra feminina de fútbol, os días 14-15 de maio de 2011.

D)RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE EKIPO S. COP GALEGA. EXPTE. 8855/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Relacións Públicas, do 20.08.2012, conformado pola concelleira delegada de Facenda, e co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica, do 6.09.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 4.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

"Primeiro.- Declarar a nulidade da prestación realizada consistente no servizos de instalación de mobiliario de conserxería oficina , obra menor e decoración do edificio Areal ,que sementan nas facturas deseguido , remitidas por Ekipo s. Cop Galega , co cif F-3662074-.

Segundo.- a aprobación da indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Ekipo s. Cop Galega , co cif F-3662074,por un importe de 231.900,10€,segundo o estipulado na proposta.

PARTIDA	Nº FAC-TURA	DATA	IMPORTE	MOTIVO
912.0.625.00.00(Rec.Extr facturas Ekipo)	p14054	31/05/07	34.328,97 €	Mobiliario conserxeria Areal
912.0.625.00.00(Rec.Extr facturas Ekipo)	p13366	24/01/07	11.561,10 €	Mob.tecnico oficina
912.0.632.00.00 (Rec.Extr facturas Ekipo)	p14032	31/05/07	186.010,03 €	Obra menor e decoración Areal

Terceiro.- Recoñecer a obriga a favor de Ekipo S.Coop. Galega cif F-3662074 por importe de 231.900,10€, conxunte coas facturas arriba expresadas e con cargo a partida 912.0.632.00.00; 912.0.625.00.00 "Rec.Ext.Crd. Melloras edf Areal EkipoS.Cop Galega, e ,Rec.Ext.Crd mobiliarios e Ekipos Edf. Areal Ekipo.S do vixente orzamento pola realización das obras e amoblamento do edificio municipal do Areal.

PARTIDA	Nº FACTU-RA	DATA	IMPORTE	MOTIVO
912.0.625.00.00(Rec.Extr facturas Ekipo)	p14054	31/05/07	34.328,97 €	Mobiliario conserxeria Areal
912.0.625.00.00(Rec.Extr facturas Ekipo)	p13366	24/01/07	11.561,10 €	Mob.tecnico oficina
912.0.632.00.00 (Rec.Extr facturas Ekipo)	p14032	31/05/07	186.010,03 €	Obra menor e decoración Areal

E)RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE SILSANDE, S.L. EXPTE. 8850/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Relacións Públicas, do 2.08.2012, conformado pola concelleira delegada de Facenda, e co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica, do 27.08.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 4.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Declarar a nulidade da prestación realizada consistente na adquisición de 30 inchables de diferentes medidas para a promoción das concellerías de Tenencia de Alcaldía, Cultura e Deporte, ao longo do mes de maio 2011, recollida na fra nº 27/2011, emitida por Silsande, S.L, co CIF B-36957934.

- 2.- Aprobación da indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Silsande, S.L., por un importe de 17.700 € segundo o estipulado nos parágrafos precedentes da proposta.
- 3.- Recoñecer a obriga a favor de Silsande, S.L., co CIF B-36957934, por importe de 17.700 €, consonte coa factura 27/2011 de data 6/06/2011, por importe de 17.700 €, con cargo á partida 9120.226.01.01 "Rec. Ext. Créd. Gtos Protocolo Tenencia Alcaldía", do vixente orzamento, pola realización do subministro de 30 inchables de diferentes medidas para a promoción das concellerías de Tenencia de Alcaldía, Cultura e Deporte co gallo da celebración do diferentes actos, en maio de 2011.

F)RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR ECOVIGO PUBLICIDAD S.L. EXPTE. 8847/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Relacións Públicas, do 20.08.2012, conformado pola concelleira delegada de Facenda, e co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica, do 29.08.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 4.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Declarar a nulidade da prestación realizada consistente nos servizos de publicidade nas campañas de promoción da cidade , recollidos nas facturas que figuran deseguido emitidas por Ecovigo Publidad S.L co cif B36614808.

“Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Ecovigo Publidad S.L co cif B36614808, por un importe 56.367,58€ , segundo o estipulado no cadro que segue.

PARTIDA	Nº FACTU- RA	DATA	IMPORTE	MOTIVO
912.1.226.02.02(Rec.exc.- promoción da cidade)	A2010- 0334	27/09/10	300,02 €	Buzoneo informativo.J.Be- navente
912.1.226.02.02(Rec.exc.- promoción da cidade)	A2010- 0337	27/09/10	696,20 €	Carteis informativos piscinas
912.1.226.02.02(Rec.exc.- promoción da cidade)	A2010- 0476	20/12/10	24.561,11 €	Campaña obras asfaltado
912.1.226.02.02(Rec.exc.- promoción da cidade)	A2010- 0477	21/12/10	27.304,85 €	Campaña fin de año
912.1.226.02.02(Rec.exc.- promoción da cidade)	A2011- 0528	30/12/11	3.505,40 €	Actividades nadal

Terceiro.- Recoñecer a obriga a favor de Ecovigo Publidad S.L co cif B36614808.por importe de 56.367,58€ que figura nas facturas mentadas e, con cargo a partida 912.1.226.02.02 (Rec.Ext.Cred.Promoción da Cidade).

PARTIDA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	MOTIVO
912.1.226.02.02(Rec.exc.- promoción da cidade)	A2010-0334	27/09/10	300,02 €	Buzoneo informativo.J.Benavente
912.1.226.02.02(Rec.exc.- promoción da cidade)	A2010-0337	27/09/10	696,20 €	Carteis informativos piscinas
912.1.226.02.02(Rec.exc.- promoción da cidade)	A2010-0476	20/12/10	24.561,11 €	Campaña obras asfaltado
912.1.226.02.02(Rec.exc.- promoción da cidade)	A2010-0477	21/12/10	27.304,85 €	Campaña fin de año
912.1.226.02.02(Rec.exc.- promoción da cidade)	A2011-0528	30/12/11	3.505,40 €	Actividades nadal

G)RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE BORRAS E PARAPAR ABOGADOS. SLP. EXPTE. 8825/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Relacións Públicas, do 20.08.2012, conformado pola concelleira delegada de Facenda, e co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica, do 27.08.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 4.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Declarar a nulidade da prestación realizada consistente nos servizos de defensa e avogados nos asuntos de referencia en relación os actos de inxurias e calumnias que se levaron a cabo contra o Tenente de Alcalde do Concello de Vigo, D. Santiago Domínguez Olveira, recollidos na fra nº P0035/11, emitida por Borrás e Paradar Abogados, SLP, co CIF B27704857.
- 2.- Aprobación da indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Borrás e Paradar Abogados, SLP, co CIF B27704857, por un importe de 12.390,00 € segundo o estipulado nos parágrafos precedentes da proposta.
- 3.- Recoñecer a obriga a favor de Borrás e Paradar Abogados, SLP, co CIF B27704857, por importe de 12.390,00 €, consonte coa factura P0035/11 de data 25/05/2011, con cargo á partida 9120.226.04.00 "Rec. Ext. ABOGADOS BORRAS DEFENSA S.DOMINGUEZ", do vixente orzamento, pola realización dos servizos de defensa e abogados nos asuntos de referencia en relación os actos de inxurias e calumnias que se levaron a cabo contra o Tenente de Alcalde do Concello de Vigo, D. Santiago Domínguez Olveira.

13(1259).- LIÑAS MAESTRAS ORZAMENTO 2013. EXPTE. 21/142.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda, do 28.09.12, e co informe do Interventor Xeral, do 2.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as liñas fundamentais que conterán os Orzamentos Xerais do ano 2013 que quedan recollidas nos apartados UN e DOUS.

SEGUNDO.- En cumprimento do requirimento previsto no artigo 27.2 da LOEPSF, o acordo adoptado remitirase ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas .

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 14,10 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.